



# DOSSIER TRIMESTRAL

OUTUBRO, NOVENBRO E  
DECEMBRO

2008

**1º Plenos**

**2º Prensa**

**3º Artigos**



# 1º PLENOS



## Pleno de Outubro

Preguntas que presentou o Grupo Municipal Socialista:

**- Preguntas relacionadas co Orzamento 2008 e o seu grado de execución e cumprimento:**

1º Na Memoria da Alcaldía do documento orzamentario para o ano 2008, sinálase que estamos ante “un orzamento novo, ilusionante, realista, consensuado cos que teñen asignadas tarfeas técnicas, é sobre todo e a diferenza de anos anteriores executable ao 100%”. Dada a ausencia do informe semestral comprometido na Base 43 do Orzamento (feito este xa denunciado polo socialistas no Pleno Extraordinario de Outubro), cal é o grado de execución orzamentaria a esta data?

2º Cantos dos 28 proxectos previstos no Anexo de Investimentos foron executados ou licitados ata o día de hoxe?

3º Dos 100.000€ estimados e derivados das altas no IAE previstas no Polígono Industrial de Vidreiro, canto se recadou ata este momento?

4º Dos 190.300€ previstos prudencialmente en concepto de licencias urbanísticas, canto se recadou ata esta data?

5º Dos 39.250€ que se calculou recadar este ano en Multas e Sancións, cun incremento sobre o anterior orzamento de 20.000€ derivados da incorporación de novos axentes, e da imposición de sancións por incumprimento da normativa urbanística, canto se recadou ata esta data?

6º Na base 29 do Orzamento, sinálase que o complemento de produtividade distribuírse segundo os criterios obxectivos que determine o Pleno da Corporación. Existe algunha proposta ou xa se fixaron unilateralmente estes criterios? Cando van ir a Pleno?



**- Diferentes cuestións:**

1º Vai haber algunha convocatoria antes de rematar o ano en relación coa Oferta de Emprego Público? Existe algunha posibilidade de pactar os prazos e vacantes que haberán de sacarse a Concurso-Oposición?


2º Fíxose algunha xestión para a actualización e mellora dos topónimos do noso termo municipal, dado o proxectado cambio de indicadores previsto polo Goberno?

3º Para cando está prevista a convocatoria do Consello Escolar Municipal que habitualmente se celebra a comezo de cada curso?

4º Ten previsto o Goberno Municipal algunha actuación en relación co edificio da Rúa Real, esquina Rúa Cantón, que se atopa aberto polas dúas fachadas á vía pública, e se está a converter nun vertedoiro incontrolado de lixo no centro da Vila e en Pleno casco histórico?



# Moción que presentamos neste Pleno



**Grupo Municipal Socialista**  
Casa do Concello, Baixo  
15600 Pontevedra  
pontevedra@psdeg-psoe.org  
www.pontevedra.psdeg-psoe.org

## SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

**AGUSTÍN L. VILARIÑO GÓMEZ**, Portavoz do Grupo Municipal do **PSdeG-PSOE** no Concello de Pontevedra, para a súa toma en consideración no vindeiro Pleno da Corporación, presenta a seguinte

### MOCIÓN:

A mediados do pasado curso abreu as súas portas o novo CEIP “Couceiro Freijomil” no Porto da nosa Vila, se ben continúan a día de hoxe a bo ritmo as obras pendentes de execución deste complexo educativo. A actual ubicación deste centro, que téñ a súa entrada pola fronte ó Porto, fai que adquira un especial protagonismo a Rúa da Galera, tanto para acceso dos rapaces como para o tránsito de vehículos, o que fai necesaria a súa ampliación e a construción dunha beirarrúa que compatibilice ambos usos, garantice a seguridade dos peóns e mellore a súa conexión rodada coa Avenida de Ferrol e co propio Porto.

Esta obra só é posible mediante a cesión por parte da Consellería de Educación dos terreos necesarios, ó longo de toda a Rúa da Galera, para a devandita ampliación, que non impediría a execución das actuacións pendentes, e que permitiría unha intervención integral en todo o vial, que resulta tan necesaria.

Tamén en datas recentes, poidemos comprobar como o campo de deportes de terra situado a carón do IES “Fragas do Eume”, foi illado do centro por medio dunha reixa metálica de considerable altura, o que nos fai retomar o proxecto de uso dese amplo espacio deportivo, ata o de agora infrautilizado, como zona de estacionamento de vehículos -fora do horario escolar- dada a súa privilexiada situación ó ter acceso directo dende a Avenida Ricardo Sánchez, partindo sempre dun acordo a tres bandas en canto as condicións de uso da parcela, entre o Concello, os órganos de dirección do Instituto, e a Consellería de Educación, e presentando un proxecto serio que garanta a conservación do terreo para que os alumnos non se vexan perxudicados en nada nin a seguridade do centro se vexa menguada, pola posible utilización polos vehículos desas instalacións.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, a través do seu portavoz, propón ó Pleno do Concello de Pontevedra a aprobación dos seguintes acordos:

pontevedra@psdeg-psoe.org  
Tlf Sede Local: 981 43 32 00  
Tlf Concello de Pontevedra: 981 43 30 54



**Grupo Municipal Socialista**

Casa do Concello, Baixo  
15600 Pontedeume  
pontedeume@psdeg-psoe.org  
www.pontedeume.psdeg-psoe.org

*1º.- Solicitar formalmente e mediante escrito á Consellería de Educación a cesión de terreos para ampliación da Rúa da Galera e construción de beirarrúa co fin de asegurar e mellorar o acceso peonil e rodado ó CEIP “Couceiro Freijomil”, acompañando o correspondente proxecto técnico.*

*2º.- Solicitar formalmente e por escrito á dirección do IES “Fragas do Eume” e á Consellería de Educación, que autoricen o uso como aparcamento público do actual campo de fútbol de terra anexo ó centro, fora do horario escolar, e nas condicións que acorden ambas administracións educativas e o Concello de Pontedeume.*

Pontedeume, 22 de Outubro de 2008.

Asdo.: Agustín L. Vilarriño Gómez  
Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE



# Pleno Extraordinario de Outubro. Conta Xeral do 2007.

Pasando a analizar o Informe de Intervención á Conta Xeral do Concello de Pontevedra de 2007, que reflicte a fiscalización da **actividade económica levada a cabo por dous Gobernos municipais**, ao producirse o relevo a metade de ano, e que amosa a **boa situación económica-patrimonial deste Concello á vista de datos como o aforro positivo (840.760,55€) ou o resultado Orzamentario Axustado (324.848,01€)**, queremos chamar a atención sobre os seguintes extremos:

1º Resulta sorprendente que se produzan **17 informes desfavorables en expedientes promovidos polo actual Goberno municipal en seis meses escasos de actividade**, correspondendo maioritariamente á **aprobación de gastos sen fiscalización previa - omisión de trámite esencial-** (máis de 40 facturas), ou noutros casos, por **variación de nóminas sen acreditar retribucións por gratificacións e productividade**, debendo recordar neste último punto que os 10.000€ contemplados no Orzamento de 2008 para Productividade (Base 29), íanse distribuir *“pola Alcaldía segundo os criterios que determine o Pleno de Corporación”*, sen que a día de hoxe, 09 de Outubro, próximos ao peche do exercicio, **este órgano corporativo teña coñecemento deses criterios**.

2º Debemos sinalar tamén o “colapso” puntual no departamento de Intervención ( pax, 7 e 8 ) provocado basicamente pola **escasa corresponsabilidade na xestión de certos procedementos administrativos** que se relacionan, e que repercuten negativamente na correcta levanza da contabilidade, apuntando ao departamento de Tesourería, polo que deberán tomarse medidas polo Goberno para poñer fin a estes desaxustes.

3º Destaca o informe, dentro do control financeiro de ingresos (Pax.7) o **descenso nos niveis de recadación**, incidindo na consecución de padróns actualizados e observando



deficiencias nos procedementos de xestión recadatoria (IIVTNU), instando a actualización destes procedementos e das Ordenanzas Fiscais para adaptalas ao sucesivo incremento dos servizos que se prestan no ámbito municipal.

4º En canto á xestión do Persoal, **destaca o informe de Intervención as continuas contratacións temporais e o recurso á contratación externa de servizos inicialmente planificados para desenrolar por xestión directa** (recollida de lixo, traballos de vías e obras,... ) e **invita a pactar unha revisión da RPT**, algo que vimos demandando para mellorar servizos como a recollida de lixo, **de cuia xestión semella querer dimitir o Goberno municipal.**

5º Polo que respectaá Xestión Orzamentaria de Gastos ( Pax.7 e 8 ) Debemos destacar **a denuncia que a Intervención fai do abuso nos procedementos de licitación**, acudindo por regra xeral ao procedemneto negociado **sen publicidade**, coincidindo os licitadores e ofertándose baixas nas adxudicacións mínimas que nos fan pensar na **posibilidade dun pacto encuberto dos licitadores.**

Todos os desaxustes e cuestións prantexadas deben ser obxecto dunha profunda reflexión por parte do Goberno municipal, tentando **rematar coas practicas anómalas detectadas** e atopar solucións que contribúan a dotar ao noso Concello dunha estrutura financeira sólida, como sinala o párrafo final do Informe de Intervención, informando aos membros da Corporación da situación económico-financieira real e do grado de execución do orzamento, algo ao que por certo se comprometeron no documento do Orzamento 2008 (Base 43) *-Informe Semestral de Intervención sobre a execución do Orzamanto e Informe cuatrimestral de Tesourería sobre movementos e situación deste Departamento-* sen que, estando no mes de Outubro, fose remitida información algunha neste senso ao órgano plenario, pese ao escrupulosos e escandalizados que se mostraron diante das observacións do Consello de Contas, **a maioría delas moito menos relevantes que as aquí expostas nesta intervención.**





# Pleno de Novembro

o xoves 26 de Novembro ás 19:00h celébrase, como novidade na CASA DA CULTURA, a Sesión Plenaria Ordinaria de Novembro coa seguinte orde do día:

- 1.Aprobación, se procede das actas das sesións anteriores.
- 2.Aprobación definitiva da ordenanza N° 32 reguladora do precio público pola prestación do servizo de axuda a domicilio a persoas valoradas como gran dependentes según a Lei 39/2006 de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Corrección de erros.
- 3.Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009. Acordos que procedan.
- 4.Moción do grupo municipal popular do Concello de Pontevedra para a erradicación da violencia de xénero con motivo da celebración do 25 de Novembro.
- 5.Moción do PSdeG-PSOE sobre o plan de Transporte Metropolitano.
- 6.Dación de Conta da Alcaldía-Presidencia
- 7.Rogos e preguntas.

**O PSdeG-PSOE ademais de presentar a [moción sobre o transporte metropolitano](#) achegará as seguintes cuestións ao Goberno Municipal:**

- 1.Fíxose algunha xestión para conquistar melloras no eido sanitario?
- 2.É importante en áreas con poboación dispersa e con media de idade alta, como é o caso da zona que compete ao Centro de Saúde da nosa Vila ter un Servizo que facilite o acceso dos doentes aos servizos médicos. Este servizo, como ben sabedes, ten que solicitalo o Concello. Cándo se solicitou?. Cándo vai ser realidade en Pontevedra?



3. Falouse co Delegado de Educación? Cales foron os acordos acadados con respecto á posible ampliación da Rúa Galera? E con respecto ao aproveitamento do campo de fútbol do “Fraga do Eume” ? Axuntáronse proxectos técnicos? Cales son as liñas principais destes?

4. Qué xestións realizaron cos demarcación de estradas para facer efectivo o acordo plenario no que se pedía a dotación de alumado público na N VI entre Campolongo e Viadeiro na parroquia de Andrade?

5. Cal é a razón pola que non se está a controlar o cumprimento da zona azul acordada por este Goberno?

6. Enterabámonos polas declaración do Sr. Crespo recollidas na prensa do 7 de Outubro do encargo dun estudio sobre o servizo de limpeza a unha consultora externa onde tamén o Concelleiro comprometéase a propoñer nunha semana unha reorganización máis efectiva da recollida do lixo con datos reais. Supoñemos que non unha senón sete semanas máis tarde pode dicirnos cal é solución definitiva para saír deste problema.

7. Cando vai recuperar a tempo total, a lo menos no lectivo, o colexio de Andrade a limpadora , que como único persoal laboral do centro é vital para a hixiene, mantemento e seguridade do mesmo?

8. Cando se van decidir a regular as entradas e saídas no “Couceiro”?

9. Teñen algunha proposta para paliar o problema de hixiene que se dan nas escolas da Vila cando unha limpadora por calquera causa ten que ausentarse do seu traballo?

10. Xa ten data para escoitar á Comunidade Educativa pola voz do Órgano Democrático que a representa?. Cal é o seu programa par mellorar a eficiencia e eficacia da nova Area na que ten responsabilidades?

11. Fixo o Concelleiro de Cultura algunha xestión eficaz cara á revisión do Nomenclator

12. Fíxose algunha nova xestión para optimizar a oferta de prazas no 1º Ciclo de Educación Infantil?



13. Como está o tema do Centro de DIA?

## Moción sobre o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia

A [Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes](#) ven de presentar os eixes básicos do novo [Plan de Transporte Metropolitano de Galicia](#), que ten como obxectivo principal mellorar a mobilidade e a accesibilidade no entorno de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado. Para acadar este obxectivo o novo Plan sostense en catro piares básicos a desenvolver como son a integración tarifaria, a mellora da oferta de servizos, a coordinación entre as redes urbanas e interurbanas e a mellora das infraestructuras de transporte. Na práctica trátase da implantación dun verdadeiro transporte público que sexa unha alternativa real ao vehículo privado.

Pontedeume enmárcase claramente na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol xunto cos Concellos veciños nos que en conxunto hai un serio déficit de transporte público e unha falla de coordinación que favorece a utilización do transporte privado.

A actual situación de crise económica e de colapso na circulación viaria na N-651 marcan novas pautas aos cidadáns eumeses cara ao uso do transporte público como medio principal de comunicación. A integración tarifaria e o transbordo gratuito, xunto coa optimización das rutas existentes e a posible creación doutras novas que este novo Plan facilita permitirán a Pontedeume avanzar cara á modernidade dentro do máis estricto respecto pola natureza e a economía dos seus cidadáns.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal Socialista, propondrá ao Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume, a adopción dos seguintes

### ACORDOS



- 1.- Adherirse á maior brevedade ao Plan de Transporte Metropolitano.
- 2.- Crear unha mesa de traballo conxunta entre todos os partidos con representación no Concello para a coordinación das rutas actuais e a posible proposta doutras novas para a súa inclusión no Plan.
- 3.- Instar ao Alcalde-Presidente a iniciar conversacións con RENFE e a Consellería para a integración da liña ferroviaria Ferrol–Betanzos no Plan de Transporte Metropolitano de Ferrolterra unha vez entre en funcionamento o AVE a Ferrol.
- 4.- Incluir nos presupostos do 2009, aínda en elaboración, unha partida para asumir a parte municipal da compensación tarifaria ás operadoras de transporte de viaxeiros.



## Mais sobre o Pleno de Novembro

Vimos de aprobar no pleno de Novembro unha moción na que se instaba ao Goberno Municipal a corrixir o gasto na área de Obras e Servizos xestionada polo Sr. Crespo, así como a elaboración por parte da intervención municipal dun informe aclaratorio da facturación da empresa privada “Construmaga”.

**Este último xa fora solicitado conxuntamente co BNG dadas as nosas sospeitas,** xa que se estaba a pagar a esta empresa para realizar traballos que poderían ser desempeñados por persoal municipal, co conseguinte aforro para as arcas municipais, tales como colgar una pancarta, transportar cartóns do Colexio Couceiro Freijomil ata o punto limpo por importe de 191´40 euros, recollida de poda, que non a poda en si da polideportiva de Centroña e herba no Torreón por 203 euros..., chegando a abonar 7 facturas por retirada de maleza dos Xardíns de Lombardero, cada unha delas de 464 euros e referidas a un curto espazo de tempo.

As nosas sospeitas víronse confirmadas ao comprobar a **existencia de reiteradas obxeccións, tanto ao pagamento destas facturas como á forma de contratación, por parte da intervención municipal, levantadas todas elas polo Sr. Alcalde.**

Sorprendentemente nesta sesión plenaria o encargado desta Área, o Sr Crespo, lonxe de desmentir ningunha destas afirmacións, só se adicou a esquivalas comparando, con medias verdades e manipulacións, estes feitos coa xestión do goberno anterior, e facendo gala, unha vez máis, da súa “dobre vara de medir”. Non se pode entender, se non, de outro xeito o feito de que critiquen unas “supostas” actuacións do goberno anterior e por outra banda estas se estén a incrementar durante o seu mandato. **O PSdeG-PSOE insta ao PP a poñer as irregularidades que vexa no Concello a disposición xudicial e non se queden en meras calumnias. Senón o fai así, será cómplice desas presuntas irregularidades**



**A utilización do escurantismo, do amiguismo, das políticas caciquís,.. son a nota dominante do Goberno do Sr. Torrente.** Non hai moitos días que nos enterabamos, para a nosa sorpresa e a dos usuarios, do cese da encargada do Pavillón Municipal. Pois ben, “casualidades de la vida”, a persoa contratada no seu lugar resultou ser un familiar directo do Sr. Crespo. Cada quén que pense o que queira. Que terán que dicir a isto o Sr. Alcalde e mais o seu Concelleiro. Seguramente, como é habitual, a súa resposta basearase novamente nunha comparación co pasado, o coñecido como “y tu más”.

Habería que aclararlle aos membros do Grupo de Goberno que o **pasado xa foi xulgado polos veciños e veciñas nas pasadas eleccións, e que os concelleiros do PP foron elixidos para xestionar o presente.** É unha magoa que tanto o Sr. Alcalde coma o Sr. Crespo, que tanto traballo teñen por facer nas súas áreas, adiquen máis tempo á busca de “facturas” e a manipula-la realidade para **xustificar a súa nefasta xestión e a súa política caciquil e ditatorial,** que a acadar solucións para os problemas da nosa vila que a día de hoxe seguen sen atallar e que hai ano e medio prometeran arranxar.

Chegado este momento, o PSdeG-PSOE seguirá estando moi pendente da xestión do PP, como segunda forza política de Pontevedra expresa a **súa liberdade para tomar as decisión que máis beneficien á nosa vila.**



## Pleno Extraordinario de Decembro

La abstención de los socialistas eumeses, basada en el [compromiso del PSOE](#) en boca del Secretario General del PSOE, Jose Luis Rodriguez Zapatero ([escucha aquí el audio](#)) y del PSdeG-PSOE, Emilio Pérez Touriño para, “en época de crisis dejar a un lado el interés partidista para no paralizar el país”, dió como resultado la aprobación inicial de estos presupuestos, a la espera de alegaciones al mismo y su aprobación definitiva que debe volver al Pleno para ratificarla.

Los socialistas consideramos que, por un lado, el negativo, el informe de intervención que acompaña al documento contable es demoledor: avisa de la posibilidad de descender el remanente de tesorería conseguido en los últimos años, en la parte de las previsiones de ingresos considera este informe que están infladas y son utópicas, se presenta fuera de plazo y recuerda lo denunciado por el PSdeG-PSOE eumés en el [Pleno extraordinario de la cuenta general](#).

En la parte positiva del presupuesto están las partidas de inversiones propuestas en las diferentes juntas de portavoces y comisiones informativas por el PSdeG-PSOE que se aceptaron por parte del PP. Lo presupuestado para el Club de piragüismo y Vela, para el Mercado Municipal, para asfaltados y saneamientos como el de Ricardo Sánchez,... Estas inversiones, bajo el criterio de los socialistas eumeses, no pueden caer en saco roto ni esperar mas.

**La duda de los socialistas recae en la capacidad del PP en gestionar estas inversiones en este año, con lo que estarán fiscalizando el proceso de las mismas y exigiendo al PP su cumplimiento íntegro.**

Además de lo presupuestado en el capítulo de inversiones en los presupuestos para el 2009, que el PSdeG-PSOE eumés facilitó su puesta en marcha, hay que certificar ya las inversiones del Plan Estatal para financiar los municipios. Este Plan dota a Pontedeume



de un nuevo capítulo para inversiones en el 2009 que suma un 100% a la partida en el presupuesto general y que, insistimos una vez mas, hay que gastar el 100% del total.

Aplazamiento del Pleno para decidir sobre la modificación puntual de las NNSS.

El PSdeG-PSOE eumés consideró en el Pleno que la propuesta de recalificación del suelo, tiene que contar con el mayor consenso entre afectados y empresa. Así, solicitó en Pleno, el aplazamiento de esta decisión, con mas información sobre la empresa y sus planes de futuro y sobre las afecciones a terrenos de los vecinos y vecinas. Solicitamos también que esta serie de reuniones de los partidos políticos y vecinos con el equipo redactor se haga de forma urgente. Esta decisión fué aceptada por la corporación.





# Pleno Ordinario de Decembro

Puntos da orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Asignación aos grupos políticos municipais 2008. Acordos que procedan.
- Corrección de erros do acordo de aprobación do Plan de Obras e Servizos (POS) 2009. Acordos que procedan.
- Dación de conta das resolucións da Alcaldía.
- Rogos e preguntas.

Este Pleno ordinario é o último do ano, e celebrarase hoxe ás 19:00h na casa da cultura.

## [Rogos no último Pleno do ano. Pleno Ordinario de Decembro](#)

1º.- Pregamos a limpeza de maleza que invade a parte traseira do Centro de maiores.

2º.- Pregamos a limpeza das rúas e escaleiras da Urbanización Boa Vista.

3º.- A rúa de Porto de Arriba presenta perigo para os usuarios polo seu estado esvaradizo. Pregamos se proceda ao seu chorreo de forma periódica ao tratarse dun problema que se repite ao longo do ano.

4º.- Permanece aberto e en malas condicións o [solar](#) da Rúa Real esquina Rúa Cantón. Pregamos se tomen medidas para o seu saneamento e peche.

5º.- A tarde-noite do pasado sábado celebrouse un concerto na Igrexa de Centroña. Á saída poidemos comprobar o estado de escuridade case total do adro da Igrexa, así coo do tunel do ferrocarril onde estacionaron varios asistentes. Pregamos se proceda a



instalar un punto de luz na fachada da Igrexa ou da casa parroquial e no deandito túnel (Este rogo xa foi pedido en [Xaneiro](#))

6º.- Na praza da calzada continúa estacionada dende hai tempo unha furgoneta en estado de práctico abandono, o mesmo que un turismo diante do supermercado DIA. Pregamos se proceda a requerir aos seus donos para que os retiren.

7º.- A Comisión de Festas de Centroña, aínda non percibíu a axuda municipal prevista para as súas festas patronais, mentres as de Nogueirosa, que se celebraron posteriormente, xa a cobraron. Pregamos que polo Concello se axilice o pagamento da devandita axuda aos veciños de Centroña.

8.- Vense de conmemorar o 30º aniversario da [Constitución Española](#), e o 60º aniversario da [Declaración Universal dos Dereitos Humanos](#), e mentres en Concellos veciños se organizaban actos públicos celebrando ambos textos. En Pontedeume pasaron desapercibidos. Pregamos ao Goberno Local maior sensibilidade e interese no futuro diante de conmemoracións tan senlleiras.

9º.- Veciños do Picho fannos chegar as súas queixas polo mal estado da rúa, derivado, dunha parte, dos danos causados polos camións destinados ás obras situadas nuns inmobeis da súa parte alta e Rúa Fontenova, e, doutra parte, pola situación provocada polo arrastre de auga e terras da zona da Golpilleira os pasados días de choiva, que se veu agravada polo mal estado dos sumidoiros, incapaces de evacuar ditas augas. Pregamos que polo Goberno Local se adopten medidas necesarias para que as empresas responsables do deterioro da rúa procedan ao seu amaño para minimizar a presenza de lodos da zona da Golpilleira, e que se limpen e saneen os sumidoiros atascados.

10º.- Como xa reiteramos en [algún Pleno](#) anterior, entendemos que debe regularizarse a situación do mantemento do alueado público municipal, pois xa hai tempo que rematou a concesión á empresa encargada deste servizo, e debe ser obxecto de nova adxudicación. Non queremos pensar que, como xa foi obxecto de debate neste foro en relación con outro servizo, se está producindo unha adxudicación encuberta por parte do goberno local, pois non parece de recibo que nas resolucións de Alcaldía das que se dan



conta neste Pleno, aparezan aprobadas 38 facturas consecutivas en 20 días, da mesma empresa -Manuel Perez Feal- por traballos relacionados co alumeadado público, polo que pregamos que se normalice a situación e se proceda á maior brevidade a realizar os trámites legais necesarios para a adxudicación deste servizo.

11º.- Finalmente queremos aproveitar este último Pleno do ano, para felicitar a todas e todos as festas, e dun modo especial ao Goberno Local, e desexarlle que o vindeiro ano sexan quen de solucionar definitivamente o problema do persoal municipal, o da limpeza e recollida de lixo, o do PXOM, o das instalacións o Firrete, o dos aparcamentos, o do mercado municipal, o das contratacións, o do Xulgado, o do Clube Deportivo Eume, o porto, as rúas, os camiños, a falta de aceras en parroquias, os saneamentos,..... e que saiban xestionar e repartir entre os eumeses e eumesas o agasallo adiantado de Reis do [millón e medio de euros en inversións](#), non vaia ocorrer o do [pasado ano cos xoquetes](#).

De novo, boas festas a todas e todos, e un feliz, xa que non se anuncia próspero, ano 2009.



## 2º Prensa



## Os Orzamentos Xerais do Estado recollen unha partida de 400.000€ para conquistar unha saída da AP-9 á altura do Polígono de Vidreiro

O socialista Antón Louro, Coordinador do Socialistas Galegos no Congreso dos Deputados, pactou unha enmenda as Orzamentos Xerais do Estado co representante do BNG en Madrid, para conquistar 400.000€ para a consecución dunha saída da AP-9 a altura do Polígono Industrial de Vidreiro en Pontedeume.

Os Socialistas eumeses xa presentaran unha [moción](#) ao Pleno Municipal solicitando ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a necesidade desta saída da autopista AP-9 para tentar desviar os diferentes tráficoos do interior da Vila eumesa, debido á densidade de tráfico que soporta a N-VI ao seu paso por Pontedeume, moi preto do casco histórico da Vila e que divide Pontedeume nas dúas zonas con máis densidade de poboación como son o Centro Histórico e a Avda. Ricardo Sánchez.

Ademais dunha demanda socialista, apoiada no Pleno Municipal por tódolos Grupos Municipais, é tamén unha demanda dos colectivos sociais eumeses, asociacións de veciños e asociación de tódolos ámbitos constituídos formalmente en colectivo fai uns meses. Este colectivo mantivo unha reunión co Delegado Provincial da Consellería de Política Territorial, Alberto González, e coa Deputada Socialista, Beatriz Sestayo, para trasladarlles as demandas do Colectivo que, ademais de outras, consideraban prioritaria esta actuación na AP-9.

Os socialistas eumeses farán o seguimento desta partida para concretar a actuación prevista no menor tempo posible, xa que consideran unha actuación esencial para o desenvolvemento e crecemento da Vila.



## Vertedoiro público na rúa Real

Dende o Grupo Municipal Socialista no Concello de Pontedeume denunciámos na Sesión Plenaria do mes de Setembro a existencia dun “vertedoiro incontrolado” en pleno casco histotórico, mais concretamente nun edificio sito na rúa Real esquina Cantón.

Poís ben, a día de hoxe podemos comprobar que, dende o Goberno Municipal, segue sen tomarse ningunha medida para arranxar esta situación; é máis, dende a Concellería de Servizos dirixida polo Sr. Crespo nin se quera se procedeu á retirada do lixo alí amoreado, constituíndo este un perigo para a saúde pública por tratarse dun foco infeccioso.

Este feito parécenos, se cabe máis grave, por atoparse esta construción a escasos 30 metros da Casa do Concello, nunha das rúas máis transitadas da nosa vila.

Esta situación ven a amosar unha vez máis a ineficacia e incompetencia do Goberno do Sr. Torrente; unida á súa “deixadez deliberada” no que se refire ó Servizo de Limpeza, xa que non se pode explicar de outra forma o feito de que non se tomara nin a máis mínima medida ó respecto a pesar de seren informaodos hai case un mes.



## Entrevista a Mari Carmen Cascallar Pita

**-Que a motivou a entrar en política?**

-Vivín un momento político interesante na miña primeira xuventude en Ferrol -entrei no instituto pouco despois de morrer Franco- e sempre tiven esa inqueda. Por outra banda, levo máis de 20 anos vivindo en Pontedeume e iso deume pistas para coñecer o mundo social e cultural da vila e as súas eivas. Xa asentada aquí, chegoume a oferta nun momento da miña vida no que podía aceptala. Tivera ofertas similares, pero non era o momento idóneo. Cando o PSOE me ofertou ir nas súas listas levaba cinco anos estudando Ciencias Políticas e, a parte de ter a experiencia, considerábame minimamente formada.

**-Por que no PSOE?**

-Porque me considero unha muller de esquerdas e penso que o partido socialista é o que loita máis directamente por evitar as diferenzas sociais. Coido que a defensa das nosas peculiaridades como nazón na escola, no aspecto cultural é interesante, incluso no político, pero son ferrolana e o movemento ferrolano é máis sindical que político. Coido que iso está máis recollido polo socialismo que polo nacionalismo de esquerdas. A dereita xa vai en contra da miña ideoloxía, xa non mo propoño.

**-Cal é o seu balance do ano e medio de goberno do PP?**

-O PP, un partido ben estruturado, debería ser o suficientemente responsable como para levar nas súas listas a xente que non só ten boas intencións, senón que está formada, ben porque leva anos vivindo a vida política, social e cultural da vila, ben porque ten os coñecementos precisos polo seu traballo ou pola súa carreira. Neste caso, comezou un goberno de sete edís que rompeu nun mes e quedou un goberno de catro que eran neonatos en política. Levamos ano e medio vendo como comezan a andar e tropezan cada dous por tres, esa é a pena da que é responsable principal o PP. Eles tamén son responsables na medida en que tiñan un pacto de goberno que romperon por cuestións puramente económicas. Deben de ter boas intencións, pero non fan máis que ir por



camiños equivocados. A parte da inseguridade, iso crea desconfianza, desconfían do funcionariado, dos outros grupos políticos e intentan pechase e avanzar sós e iso non pode ser.

**-Denunciaron a perda de subvencións.**

-Un Concello depende economicamente doutras administracións e moitas das inversións desas administracións estanse perdendo. Tiñamos un proxecto serio para facer no peirao un clube de vela e piragüismo e a realidade é que non o hai e que problamente non saben como facer para recuperalo. Tiñamos a promesa firme dunha galescola e dun centro de día e non os hai porque non se entregan os terreos, tiñamos un centro de Foremdes que funcionaba ofertando formación para que a xente de Pontedeume tivese un acceso ao emprego máis doado e non funciona porque non dan conseguido cursos. Tiñamos unha limpeza que non funcionaba ben, semiprivatizaron unha parte e vai a peor...

**-Por onde comezaría a traballar o PSOE se se puxese a gobernar agora?**

-O primeiro que hai que facer é desbloquear esta oferta pública de emprego que tanta tensión crea. Non hai nada peor para un traballador que non saber ata cando vai ter ese traballo e, sobre todo, recibir ordes contraditorias. Hai que facer unha política de emprego transparente procurando a estabilidade e valorando a experiencia. Non podemos ter así os funcionarios, que son o sostén dun Concello, porque os políticos imos e vimos. Hai prazas da RPT sen cubrir por xubilacións ou porque son de nova creación e hai que quitalas a concurso libre e hai prazas que hai que quitar a concurso oposición, valorando os méritos.

**-Por que coida que o PP non aposta polo concurso oposición?**

-Antes de coñecer como funcionaba o Concello saíron pola tanxente, como querendo ser máis puros que ninguén e máis papistas que o papa, como se os que entran por oposición libre fosen a ser mellores que os que xa están. Iso é gravísimo. Hai que encarar tamén dunha forma seria o problema do tráfico e ir falar con todas as administracións, buscar un xestor cultural e cubrir a praza de encargado de servizos e obras, que está na RPT e que é quen ten que levar a limpeza.





**-Cales son as principais eivas en Educación?**

-O Concello ten que facer unha oferta seria a Educación para que ceda parte da rúa Galera e poder construír unha beirra por onde camiñen os nenos do colexio Couceiro, así coma unha boa saída ao porto. Falei co delegado de Educación e non teñen ningunha proposta por escrito da Alcaldía. No Couceiro fíxose un grande investimento e hai problemas coa limpeza, que é o único que depende do Concello, porque nun colexio novo non hai mantemento. O consello escolar de fin de curso e o de comezo están sen convocar, o mellor se non te queres comprometer co ensino...

**-Chegaron a pedir a dimisión da concelleira de Servizos Sociais.**

-Pretendeuse, non sei se por desconfianza ou ignorancia, cambiar o funcionamento do departamento e centralizar todo, cubrir un informe tras outro, o que creou un colapso burocrático. Un deixar de ser funcional para ser formal, un ter todo por escrito para chegar tarde.

**-O partido estuda unha moción de censura?**

-A moción de censura terá o seu tempo, temos un Goberno cun presuposto creado e haberá que ver que pasa o ano que vén. Están elixidos por catro anos e o pobo é soberano, nada máis.



## Ruth García cesada das súas funcións como Concelleira de Educación

Publica hoxe o [BOP](#) que por decreto, e con data 30 de Setembro, o Alcalde de Pontevedra, cesa das súas funcións en Educación, á Concelleira de Educación a Sra. García "para conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal"(sic.)

O PSdeG-PSOE eumés considera este cese, como **unha nova esperada no eido educativo**, xa que en educación demostrou pouco interese, non botando despois de ano e medio un só proxecto educativo a andar. As poucas e illadas actuacións neste campo foron certamente desafortunadas

- [Peche da Escola Municipal](#), sen organizar servicios supletorios nin tempo para reorganizarse ás familias.
- Constitución in extremis do Consello Escolar Municipal.
- Obstrución do funcionamento deste, non convocando nin as imprescindibles sesións de principio e fin de curso para coñecer as necesidades da Comunidade Educativa.

**Botamos en falta tamén a dimisión ou cese da Sra. García nas súas responsabilidades en Servizos Sociais**, xa que nesta área ,á que adicou todo o seu tempo, demostrou as máximas carencias nas súas xestións: privatización e conseqüente cancelación dos campamentos infantís, a inoperancia para poñer a andar o servizo de comida sobre rodas, a privatización, tarde, mal e a rastro, do servizo "público" de dependencia, pouco dialogante na redacción de diferentes normativas.... consideramos, e así o expresamos no pasado [Pleno de Agosto](#), que **esta dimisión ou cese, ten que chegar para o bo funcionamento desta area.**

**O que non vemos é a capacidade do novo Concelleiro de Educación, o Sr. Crespo, para levar a cabo esta Concellería.** Nas súas funcións ata o de agora, Obras e Servizos, Area para a que en principio o Alcalde considerou idóneo, xa amosou mostras de escurantismo en diferentes contratacións (reflectidas nun [informe do servizo municipal](#)



[de Intervención](#)) e a incapacidade á hora de resolver o [problema da limpeza](#), foi polo propio Goberno varias veces admitido.

Pasará a ser a Area Educativa a irmá pobre para o Sr. Crespo igual que Cultura é para o Sr. Otero? Cándoo Goberno do P.P. vai tomar en serio o seu traballo e ter proxectos claros, ben artellados e de futuro para Pontevedra?

Dende o PSdeG-PSOE, consideramos este cese como a **segunda desmembración deste Goberno**, que se iniciou coa [polémica ruptura do pacto co COE](#), e que o leva á continua parálise, por poucos efectivos no Goberno (4) e por **incapacidade manifesta destes**.



## O PSOE eumés esixe unha actuación integral nos históricos Xardíns de Lombardero

Os Xardíns máis característicos de Pontedeume, por ser os máis históricos e importantes, debido a súa morfoloxía e ubicación na Vila ao carón do Torreón dos Andrade, fai dos Xardíns de Lombardero os que máis interese espertan tanto para propios como para estraños.

Nos últimos anos, fóronse creando unha serie de lugares dotados con xogos infantís como no paseo marítimo ou no parque Sarmiento, para satisfacer a demanda das familias usuarias destes espazos, así como se inverteu nunha actuación importante para modernizar e sanear o manto vexetal, pero os Xardíns de Lombardero son algo máis que iso, ou iso deberan ser.

Actualmente vemos como a deixadez, que se pode estender a este Goberno en tódolos entornos da Vila, faise notable neste espazo senlleiro: Así vemos algún xogo infantil (dos poucos que hai) están inservibles e incluso perigosos, preto destes, a varanda que os separa das costas está roto, a antiga paxareira estase a usar como almacén municipal, na fonte, a pesares de ter auga, non é posible beber debido a que a billa desprende a auga ao chou, a malla herbácea que tenta cubrir as diferentes zonas de terra, ademais de con sucidade, sen ningún tipo de mantemento, e as escasas papeleiras nun estado lamentable... As "rúas" internas do Xardín, non invitan ao paseo debido á súa sucidade e mal estado.

Esiximos dende o PSdeG-PSOE que se trate a este espazo de lecer, por senlleiro e característico da Vila, non como un simple espazo de xogos, senón como un lugar cuio patrimonio vexetal e histórico, se vexa protexido e atendido como se merece.



## RPT e Servizo de limpeza

Dende hai meses o **Grupo de Goberno liderado polo Sr. Torrente está instalado no falseamento dos datos e na manipulación da información**. Pero temos que dicirlle que por *“repetir moitas veces unha mentira, esta non se converte en verdade”*. Referímonos, neste caso, a todo o relacionado có servizo de limpeza.

En primeiro lugar **é falso, e o Sr. Alcalde sabeo**, que a RPT fora aprobada polo anterior Grupo de Goberno, foino có **voto favorable de toda a Corporación, incluído o Partido Popular**, no pleno do día 22 de Febreiro de 2007. Esta actitude do PP débese a súa prepotencia e falla de humildade para recoñecer que non son quen de dar solución ós problemas existentes no servizo de limpeza.

Estamos ante un Goberno que un día di unha cousa e outro di outra. Nun primeiro momento **culparon aos anteriores gobernantes** do mal funcionamento do servizo, a continuación **responsabilizaron aos traballadores**, máis tarde **aos Grupos da Oposición e finalmente á RPT**. Pero isto non foi todo, na súa “psicoses” por evadir a súa responsabilidade neste tema, chegaron ao extremo de culpar a algúns veciños, *“que se adicaban a tirar o lixo polo chan para sabotar a labor do Goberno”*.

Todo vale con tal de non recoñecer a súa mala xestión, pero temos que recordarlles que son eles os que gobernan, que son eles os que durante a campaña electoral prometeron ós veciños e veciñas de Pontevedra solucionar esta problemática e polo tanto son eles, a día de hoxe, os **máximos responsables de que o servizo non mellore**.

Por outra banda o Sr. Torrente di que o pagamento dos atrasos polo incremento salarial contemplado no Convenio Colectivo é *“unha clara ameaza para a viabilidade económica do Concello”*. Pois ben, ao noso parecer o que si supón unha ameaza para a viabilidade económica do noso concello e gastar ao redor de **70.000 euros anuais, entre soldos e pagamento da seguridade social, nas dedicacións exclusivas de tres membros do goberno** que ao único que se adican é a dar desculpas en lugar de gobernar.



Se o problema é a RPT que a modifiquen, teñen a **boa disposición dos representantes dos traballadores e do grupo socialista**. E se o que queren é **privatizar o servizo que o digan publicamente**. Que se deixen de culpar aos demais e de dar “paos de cego” malgastando os cartos de tódolos eumeses.



## Sobre o servizo de “Comida sobre Rodas”

En Pontedeume fomos Concello pioneiros neste servizo en toda a redonda. Cando en outros Concellos do noso tamaño non existían practicamente os Servizos Sociais, aquí instauramos uns menús diarios servidos na casa daquelas persoas que presentaban dificultades na elaboración da súa alimentación cotiá.

Xa no pleno de [Xaneiro](#) reclamamos a súa restauración, na primavera ían probar menús, pois en [setembro](#) voltamos no mesmo tema dada a súa importancia e vendo como Cabanas ou Ares ían ter o que aquí parece no ter presa. Aínda estamos na fase de informes. Unha gran variedade de informes para ilustrar e asegurar a xestión da responsable desta Area que enche o tempo das traballadoras sociais.

Pois ben, mentres tanto, cun presuposto de que ronda os 60.000€ para este ano que rematamos á volta da esquina, seguemos sen prestar este servizo e, tristemente, teremos que falar outra vez de como non aproveitamos as axudas e perdemos diñeiro de todos.

A opción collida por Concellos noveles neste servizo, é a do Consorcio da Xunta. Narón, Fene, Ares ou Mugardos acolléronse ao programa de Servizos Sociais da Xunta como primeira opción. No pasado Pleno de Outubro a Concelleira responsable desta area en Pontedeume, anunciou a súa claudicación a prestar este servizo directamente, mais ao non telo solicitado ao Consorcio no seu tempo, teremos que esperar a unha posible adxudicación das prazas sobrantes, e mentres levamos 10 meses sen prestar o servizo que eles mesmos presupostaron e se comprometeron varias veces en pleno a levar a cabo.

Dende o PSdeG - PSOE queremos poñer en relevo a incapacidade deste Goberno de prestar servizos ao pobo, ou externaliza ou depende de que outras administracións llos xestionen.



## O Concello eumés segue sen interesarse polo Turismo

Esta é a forma que ten o Goberno eumés de prestar o servizo de información turística municipal. Despois dunha [adxudicación directa a unha empresa privada, sen solicitar máis presupostos a outras empresas, e que ascendeu a máis de 10.000€ e só para a tempada de verán](#), agora nos ofrece outra forma de xestión desta oficina. Na información sobre o horario desta Oficina, nun cartel situado na porta principal do Torreón, consta o seguinte:



Este tema non é novo con este Goberno. Antes da apertura Oficina de Turismo no verán, [os socialistas xa denunciámos este feito](#) que despistaba aos visitantes, e instamos ao Concello a retiralo ou modificalo. Pois ben, despois do peche da Oficina no mes de Setembro, 2 meses despois, nin se modificou nin se retirou, co consecuente deterioro, un pouco máis, da imaxe da nosa Vila por parte deste Goberno.

Voltamos a insistir no tema: Pedimos a retirada do cartel, a modificación do mesmo, **ou o que sería mellor, o cumprimento do mesmo**. Achéganse datas de importante afluencia de xente á nosa Vila, e xa que nin en Semana Santa nin en datas e pontes importantes abreuse esta Oficina, **esiximos a súa apertura durante todo o mes de Decembro, na ponte da Constitución, e en datas de Nadal e Reis.**

O PSdeG-PSOE ven reclamando a **apertura do Torreón dos Andrade dende fai máis de un ano**. O Concello tivo tempo a preparalas bases de contratación dun ou dunha





profesional para esta tarefa ou buscar e estudar outras fórmulas para dar este servizo de xeito continuado no tempo, e non só para a tempada de verán, senón **ter aberto o Torreón, cando menos, en datas previsibles de afluencia de turistas.**

Ademáis, os socialistas destacamos que **é unha fonte de ingresos para o Concello**, xa que a subida ao Centro de Interpretación dos Andrade, á exposición de grabados de Prieto Nespereira e a vista dende a terraza do Torreón **ten un custe de 2€ por visitante, que está deixando de racadar o Concello.**

Ademáis propoñemos a apertura durante esas datas, tamén, do Castelo de Andrade.



## Y ya van 380.000€ perdidos

El Ayuntamiento de Pontedeume ha renunciado a la subvención de 230.000 euros concedida por la Consellería de Cultura e Deporte para la construcción de un club de piragüismo y vela en el muelle de la localidad.

El Ayuntamiento no ha logrado adjudicar el proyecto en plazo, por lo que no podrá disfrutar de la segunda anualidad de la ayuda aprobada por la Xunta -el Ejecutivo municipal ya tuvo que renunciar el año pasado a la primera anualidad, de 150.000 euros-

Por ello, la oposición insta al Gobierno local que preside Gabriel Torrente (PP) a habilitar en el presupuesto municipal de 2009 una partida “suficiente” para poder ejecutar el proyecto, “aunque luego el Ayuntamiento no tenga que emplear todo ese dinero”, si le conceden nuevas ayudas.



## PXOM de Pontedeume

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Pontedeume quere manifestar a súa **preocupación e desconcerto polo retraso que está a sufrir a presentación aos Grupos Municipais do documento íntegro do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM)**, paso previo para a súa aprobación inicial e posterior exposición pública durante dous meses a efectos de alegacións.

O pasado día 2 de Outubro, fíxose unha presentación preliminar aos voceiros municipais dun plano xeral do Concello por un membro do equipo redactor, coas principais liñas de actuación, prevéndose que o documento de planeamento fose obxecto de **aprobación inicial pola Corporación dentro dos meses de Outubro ou, como mo tarde, novembro**, previsión ista que non se está a cumprir, máxime tendo en conta que aínda os distintos grupo municipais descoñecen, a esta data, o contido íntegro do PXOM, paso previo para a devandita aprobación inicial polo Pleno.

Esta situación está a xerar un importante malestar entre os veciños, que nos transmite as súas queixas pola lentitude do proceso e a falla de información, chegando a acoller rumores sobre a **presencia do documento no Concello e desconfiando da utilización que ds datos obrantes no mesmo poida efectuar o Goberno Municipal**.

É por iso, polo que, para poñer fin a especulacións e axilizar os trámites, **instamos ao grupo de goberno para que dunha vez por todas presente o PXOM aos grupos municipais, para proceder á súa aprobación inicial**, e permitir así que os eumeses e eumesas poidan coñecer con detalle o documento que describe o desenvolvemento futuro do noso Concello.



O PSdeG-PSOE denuncia a incoherencia da Concelleira de Servizos Sociais no eido do traballo en contra da violencia machista.

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE eumés presta o seu apoio aos actos que se celebrarán o próximo 25 de Novembro e colabora activamente naqueles que o Goberno Municipal lle pediu a súa participación, uníndose así ao sentir xeneralizado de repulsa á violencia machista que se pretende transmitir na exposición “Pontedeume plántalle cara á violencia de xénero”.

Agora ben, vémonos na obriga de denunciar a política incoherente e obscurantista da Concelleira de Servizos Sociais. Incoherente porque có voto en contra do P.P. e o dos seus “socios de feito” do C.O.E., impediron no seu día que se aprobara unha Moción (Presentada polo PSOE e apoiada por BNG e IP) onde se recollían acordos que consideramos clave para a loita con esta lacra social e que son materia do traballo municipal:

- *Incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través de campañas municipais para maior concienciación e sensibilización cidadá.*
- *Poñer en marcha un programa específico de prevención de violencia de xénero, dirixido especialmente a xóvenes.*
- *Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas da violencia de xénero.*
- *Facilitar cursos de formación, en colaboración ca Xunta de Galicia, para todas e todos os profesionais que toman partido no proceso de erradicación machista.*

E obscurantista tamén porque reclamándolle directamente á propia Concelleira responsable, información do traballo realizado neste campo dende o Goberno ao longo do ano, o traballo cotía e ben estruturado que defendemos e o que realmente consideramos eficaz, atopámonos evasivas ou a calada por resposta.

Será que non está moi satisfeita co traballo do día a día?, ou será outra mostra do diálogo democrático do Goberno minoritario do P.P. en Pontevedume



## Zona azul

Dende o Grupo Municipal Socialista no Concello de Pontedeume queremos denunciar a pasividade do Goberno do Sr. Torrente fronte ó “incumprimento masivo” da zona azul.

Hai meses que dende a Cocellería de Tráfico dirixida polo Sr. Crespo procedeuse á implantación da coñecida como “zona azul” nos arredores do Mercado Municipal. O obxectivo era lograr unha maior mobilidade de vehículos e facilitar así o aparcamento nunha das zonas máis concurridas da nosa vila, feito ó que se lle dou unha gran publicidade dende o Grupo de Goberno, con numerosas notas de prensa e unha campaña de reparto dos “discos da hora” na que colaborou desinteresadamente a asociación de comerciantes.

Poís ben, a día de hoxe podemos constatar que non se está a respetar esta zona de estacionamento limitado. Se nos achegamos ás inmediacións da Praza do Conde ás horas de máis afluencia poderemos comprobar que a inmensa maioría dos vehículos alí estacionados carecen de disco ou de outro tipo de documento que acredite a súa hora de chegada e saída. Pero o peor é que dende quen ten a responsabilidade de velar polo cumprimento desta ordenanza, é dicir o Concello de Pontedeume, non se esté a facer absolutamente nada para correxir esta situación.

Unha vez máis o Sr. Torrente e os seus concelleiros están a demostrar a súa incapacidade para gobernar e xestionar nada, anunciando a “bombo e platillo” medidas e actuacións que, desgraciadamente para tódolos eumeses e eumesas, se quedan en nada, supoñendo só un gasto para as arcas públicas.



## O Goberno de Zapatero inviste máis de 1.500.000€ en Pontedeume

*Este investimento supón un aumento do orzamento destinado a inversión do 100% con respecto ao orzamento municipal do 2008.*

Esta transferencia de diñeiro, do Fondo de Inversión Municipal, trata xerar riqueza colectiva e emprego, para estimular a economía local nun momento no que a crise económica está causando xa, serios problemas as empresas e familias.

**O PSdeG-PSOE estudiará e fará unha proposta nestes días, de posibles investimentos necesarios para Pontedeume**, que encaixen nas obras financiadas por este Plan estatal, posto en marcha polo goberno español.

**O PSdeG-PSOE na súa proposta priorizará as obras destinadas a saneamento e obras para servizos básicos que aínda non chegan a tódolos veciños, tamén a protección do patrimonio e adecuación de edificios públicos mellorando a eficiencia enerxética e protección do casco histórico. Unha partida destinada a mellorar as deficiencias no Polígono Industrial, asfaltados de camiños en tódalas parroquias e adecuación e rehabilitación dos seus locais sociais ou mellora e ampliación de zonas recreativas infantís e para maiores.**

As obras que se queiran desenvolver con cargo a esta partida teñen que estar fora dos orzamentos do 2009, co cal, **neste momento de negociacións destes, o PSdeG-PSOE propondrá unha reestructuración do mesmo para retirar as partidas maiores que poidan ir a cargo desta partida extraordinaria, e colocar novos proxectos e obras menores no orzamento do 2009.**

O PSdeG-PSOE eumés ve esta inversión do Goberno da nación en Pontedeume como unha oportunidade de realizar proxectos fundamentais para a nosa Vila, co cal **estará moi pendente e fiscalizando o traballo do Goberno do PP para que invista o 100%**



do destinado a Pontedeume e que todos os proxectos sexan de importancia para os veciños e as veciñas de tódalas parroquias, da Vila e do casco histórico.

**O PSdeG-PSOE de Pontedeume será clave para o desenvolvemento destes proxectos** xa que terán que ser aprobados polo Pleno da Corporación, onde o goberno do PP está en minoría con catro concelleiros e necesitaría do apoio do PSdeG-PSOE para sacar adiante estes proxectos.

Aproveitamos para instar ao goberno municipal que esté á altura da delicada situación económica a que estamos a enfrontarnos, e que **acorde con todos os grupos da Corporación as obras mais urxentes e eficaces, para cumprir coas expectativas de estimular a economía local e o emprego.**

Como xa denunciámos o mes pasado **“O PP está perdendo subvencións, chegando tarde a outras ou non solicitando inversións e o que é peor, descalifica ou non atende estes investimentos de administracións supramunicipais das que dependemos orzamentariamente”**. Dende o PSdeG-PSOE eumés esiximos ao Goberno do PP unha resposta áxil, eficaz e eficiente a estes recursos extraordinarios que destina o Goberno de España para Pontedeume, e que poden servir para un desenvolvemento e crecemento da nosa Vila.



## O tren nocturno Ferrol-Madrid seguirá con parada en Pontedeume

O PSdeG-PSOE eumés trasladou a súa preocupación pola supresión da parada en Pontedeume ao Delegado da Consellería de Política Territorial, Alberto Gonzalez, en presenza da Conselleira María José Caride, na súa visita a Pontedeume a pasada semana para inaugurar os novos departamentos para usuario no porto de Pontedeume.

Así, o tren nocturno Ferrol-Madrid continuará deténdose nas súas paradas habituais en Galicia logo da reclamación presentada a semana pasada pola conselleira de Política Territorial, María José Caride, ao presidente de Renfe, José Salgueiro. Deste xeito, Renfe modifica os seus plans anunciados a principios deste mes e segundo os cales ía eliminar seis paradas de dito servizo.

Así pois, o novo tren-hotel Ferrol-Madrid continuará deténdose nas estacións nas que o facía o anterior tren nocturno, entre elas as seis que se prevían suprimir (**Pontedeume**, Betanzos-Cidade, Curtis, Guitiriz, San Clodio-Quiroga e A Rúa-Petín) e que continuarán prestando este servizo aos usuarios.





## O PSdeG-PSOE eumés presenta a lista de inversións para financiar mediante o Plan Estatal de Inversión Municipal

Á vista do 1,5 millóns de euros que o Fondo de Inversión Municipal do Goberno do Estado vai adicar a Pontedeume e tendo en conta o carácter excepcional desta medida, que suporá para a nosa vila unha oportunidade de crecemento e desenvolvemento, o Grupo Municipal Socialista, nun exercicio de responsabilidade política, como non podería ser doutra forma, [e como xa anunciou](#), **proporá as seguintes actuacións:**

- Actuación integral da **Casa da Cultura**. (Substitución da cuberta, arranxo do claustro, calefacción, megafonía,...)
- Arranxo da parte alta **rúa Ferreiros**.
- Ampliación das beirarrúas e substitución da varanda na **Ponte de Pedra**.
- Remodelación da **Praza do Pan**.
- Actuación integral na **Alameda de Raxoi**.
- Substitución do **Oso e do Xabarín** situadas na ponte de pedra por unas réplicas. Traslado dos orixinais ó Torreón.
- Arranxo e dotación de mobiliario de todos os **parques infantís** do témino municipal, así como a construción de “**parques para a terceira idade**”, con xogos específicos.
- Instalación de **zonas Wifi públicas**.
- Mobiliario urbano no casco**, Papeleiras, bancos, farolas,...
- Colocación de “**bocas de riego**” nas parroquias.
- Limpeza e arranxo de tódolos **lavadoiros e fontes públicas**.
- Substitución da **condución de auga e arranxo das rúas da urbanización Olmo**.
- Reparación da **rúa Castelao**. (Firme e beirarrúas)
- Construción dunha **mini-depuradora en Ver**.
- Conexión e asfaltado do **camiño de Paredes –Camoucedo** (Boebre)
- Asfaltado do camiño de baixada de **Boebre á praia de Ver**.
- Alcantarillado na zona do **Barral-O Castelo**. (Nogueirosa)
- Saneamentos da **Regueira-O Monte**. (Ombre)



- Arranxo do **camiño de Xanardos**. (Ombre)
- Recollida de augas no **camiño de Cabría**.
- Arranxo do **camiño da Agra**.
- Asfaltado do camiño que conecta a pista polideportiva de **Ombre con o de Porto Carral**.
- Asfaltado do camiño que vai dende a pista polideportiva de **Centroña ata Castrelo**.
- Construción e conexión das **beirarrúas de Miño ata o cruce de Campolongo**.

Ademais o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE como grupo maioritario, solicitará, co resto de partidos da oposición, un **Pleno extraordinario urxente para poñer en común estas inversión e axilizar ao máximo estas decisións**.

Estas inversións necesitan de acordo do Pleno para levarse a cabo. **O PSdeG-PSOE segue esixindo axilidade e responsabilidade ao Goberno municipal do PP para investir o 100% dos fondos** contribuindo así ao desenvolvemento de obras tan necesarias para a nosa Vila.



# 3º Artigos



## Imaxine:

Imaxinade que vos regalan unha vivenda. Si, si, vai en serio. Vos regalan a construción dunha vivenda “chave en man” para vos para sempre. Que tal a idea? Ben, non?. Bueno, bueno, é verdade, hai algo a cambio: O terreo. O caso é así, vos só tedes que dicir onde queredes a casa e vola constrúen e vola entregan para o voso uso particular. Aínda así ben, non?

Pois isto está a pasar en Pontedeume.

Imos cambiar os papeis. Pensade que vos sodes o Concello e quen vos constrúe a casa é a Xunta de Galicia. Que fariades? Ofertar os terreos non? PIIIIIIIIIIIIIIII ERROR;iiiiii Non, o Concello non oferta os terreos para a construción do Centro de Día, da nova Escola Infantil, do novo Campo de fútbol,.... xa vedes.

Outro caso: Imaxinade que tedes vellas as tubarias da vosa casa e TACHÍN, TACHÍN, volas amañan gratis;iiii Agora pensade que sodes o Concello e quen arregla e moderniza o saneamento de Pontedeume é a Xunta de Galicia. Que tal, ben, non? PIIIIIIIIIIIIIIII ERROR;iiiiii O Concello está a declarar que a Xunta de Galicia paraliza e maltrata a Pontedeume.

Outro máis: Imaxinade que vivides nunha parroquia. Nunha casa bonita de planta baixa que da a un camiño público. Ese camiño ponse ata arriba de silvas e maleza polo verán e vos impide case sair da vosa casa e TACHÍN, TACHÍN, volo rozan gratis tódolos anos. Que tal, ben, non? PIIIIIIIIIIIIIIII ERROR;iiiiii O Concello di que a Deputación de A Coruña (quen roza a maioría de camiños públicos) maltrata e marxina Pontedeume.

Hai máis, eh;ij: Imaxinade que na vosa familia hai membros, ou vos mesmos, que non tedes recursos para comer. Imaxinade agora que hai alguén que se ofrece para levarvos a comida á casa gratis. Que tal, ben, non? PIIIIIIIIIIIIIIII ERROR;iiiiii O Concello nin ofrece él o servizo de comida sobre rodas nin o solicita a tempo á Xunta de Galicia.



Pero... hai máis!!!: Saneamentos varios en parroquias como a depuradora de Ombre ou os diferentes asfaltados como en Andrade ou Nogueirosa, a mellora de zonas de costa como en Boebre na praia de Ber, amaños como o da rúa ferreiros e de outras rúas no casco, a compra dunha barredora eléctrica, contratación de persoal como o técnico cultural, o servizo de normalización lingüística, peóns de obras e limpeza, socorristas nas praias no verán, técnicos de turismo para a oficina de turismo no Torreón...., cartos para o Mercado Municipal e para o novo clube para o Firrete e o clube de Vela, e o novo Couceiro Freijomil, e as novas lonxas e Confraría, e o ARI e o PXOM, e a motobomba para Protección Civil, e a subvención para o mantemento da Escola Infantil, e para sinalización, e para saneamento e servizos no Polígono,.....

Quen está a maltratar Pontedeume? A resposta é clara. Quen non sabe xestionar todos estes recursos das diferentes administracións, quen non solicita moitas subvencións abertas aos Concellos, quen dilapida a relación con estas administracións, quen non respeta a estas administracións (creo recordar que tamén democráticas). Quen maltrata e paraliza Pontedeume é o Goberno do PP dirixido polo Señor Torrente.



Tódalas administracións invisten en Pontedeume mentres o PP rexeita ou non solicita as súas inversións.

Poidemos ler en diferentes medios de comunicación ou escoitar en diferentes reunións, como o Alcalde de Pontedeume, o Sr. Torrente, descalifica a xestión da Xunta de Galicia en Pontedeume, descalifica á Deputación e ao Goberno do Estado. Así como rexeitaba e condeaba a “nefasta xestión” destas Administracións con respecto a Pontedeume.

**O SR. Torrente e o seu equipo non se dan conta da necesidade destas Administracións para o presente e futuro de Pontedeume coas súas inversións:** Saneamentos varios en parroquias como a depuradora de Ombre ou os diferentes asfaltados como en Andrade ou Nogueirosa, a mellora de zonas de costa como en Boebre na praia de Ber, amaños como o da Rúa Ferreiros e de outras rúas no casco, a dotación orzamentaria para o ARI e o PXOM, a compra dunha varredora eléctrica, contratación de persoal como o técnico cultural, o servizo de normalización lingüística, peóns de obras e limpeza, socorristas nas praias no verán, técnicos de turismo para a oficina de turismo no Torreón....., cartos para o Mercado Municipal e para o novo club para o Firrete e o club de Vela, e o novo Couceiro Freijomil, e a nova lonxa, novos almacéns e Confraría, o mantemento da limpeza dos colexios públicos, a dotación para a modernización da Casa da Cultura, e subvención para o mantemento da Escola Infantil ou a partida para a nova Escola Infantil, para o Centro de día, para o novo campo de fútbol, para rozar moitos camiños públicos, para saneamento e modernización das tubarias e canalizacións subterráneas deas diferentes augas, e para sinalización, e para a motobomba de Protección Civil e para saneamento e servizos no Polígono,..... e segue e segue e segue.

Pontedeume non pode prescindir de todo isto, nin de tódalas subvencións e partidas orzamentarias que non solicitaron, e que **deixaron de investirse en Pontedeume pola súa falta de xestión.**



O Goberno Local, como representante da totalidade da cidadanía eumesa, non pode tensar as relacións con estas Administracións que invisten en Pontevedra e das que temos unha “dependencia orzamentaria” xa que nos orzamentos locais o capítulo de gastos correntes supón máis do 70% do total e o capítulo de inversións non chega ao 20% do total.

**Como Goberno e como Alcalde teñen que primar os intereses do pobo e non os do seu partido, crispantes e tensas** por estar na oposición tanto a nivel Xunta de Galicia como a nivel Deputación ou por estar o PP en “precampaña”. **Non sabe ou non quere ter unha boa relación coas outras institucións das que dependemos?. Calquera dos dous respostas perxudica a Pontevedra.** O PSdeG esixe a mellora das relacións da Alcaldía e do equipo de Goberno coas outras Administracións, para a mellora de todo o Concello.

**O PP está perdendo subvencións, chegando tarde a outras, non solicitando inversións** e o que é peor, descalifica ou non atende estes investimentos, como no caso da cesión de terreos para o Centro de día ou a nova Escola Infantil.

Temos un Goberno que crispa no Concello a traballadores e veciños, e crispa na Xunta de Galicia e na Deputación, descalificando publicamente a estas Administracións, cando son estas as que están a investir na nosa Vila.



## Reflexionando despois do Pleno de Novembro

No Pleno do 27 de Novembro, e logo de debater as Mocións, as que ultimamente o Goberno Municipal acostuma a apoiar , só de palabra, ben e certo que despois non fai nada para que os acordos plenarios se fagan realidade.

Acordos que representan posibles e vitais melloras consesuadas por Concelleir@s que representan os variados sentires do noso pobo e que sinto que despreza o Sr Alcalde ou o seu grupo de Goberno có seu proceder.

Así á pregunta 3ª, onde controlabamos qué se fixera este mes para facer efectiva a Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE sobre infraestructuras que dependen de Educación, as respostas foron tan claras como decepcionantes. Nun mes, o Sr Alcalde, non tivo a ben chamar á Delegación, entrevistarse có Delegado de Educación , mandarlle alomenos unha carta axuntándolle a Moción aprobada por unanimidade para ampliar a Rúa Galera ou utilizar en período non lectivo e con acordo do IES “Fraga do Eume” proxectos técnicos para unha parte do patio como aparcadoiro.

A Moción presentada polo Grupo Municipal do PP sobre a violencia de xénero, pareceunos moi teórica, pouco ambiciosa, tendenciosa e que implicaba máis aos de fora que ao Concello, administración máis próxima ao cidadán, e que ten que facer a política do día a día. Traballo diario e ben planificado que pode culminar en actos semellantes aos que aquí se celebraron este 25. O peor foi que aquí non culminaban ningún plan mellorado, ningún programa específico, nin cursos para os profesionais implicados, nin campañas educativas previas, pois este Goberno negouse en Pleno a estas e outras propostas o 27 de Febreiro deste mesmo ano, mais nunca é tarde...

O PSdeG-PSOE, de tódolos xeitos e sendo sabedores que o rexeitamento de calquera tipo de violencia ten que estar por riba de discrepancias partidistas, apoiámola, de palabra no Pleno, e de feito no día a día cada vez que soliciten a nosa axuda, Recordándolle ao PP que goberna, e que “Menos discurso e máis curso”.





Na Area Sanitaria segue sen haber ningunha proposta, ningunha mellora apoiada eficazmente, con sorte, dependemos da Xunta que dote ao noso Concello de medios como o 065 aos que este ano nin se optou, cecais para o ano... Non existe a política sanitaria municipal no Goberno Eumés.

En Educación négase o novo Concelleiro a dotar ao C.E.I.P. de Andrade dunha persoa toda a xornada lectiva, que tivo de sempre. E o mesmo Sr. Crespo nas súas reestructuracións horarias como encargado de Servizos Municipais reduciu o seu horario quedando a media mañá todo un colexio sen unha persoa encargada de abrir a porta, limpar ou facer unhas fotocopias. Incrible pero certo.

Nas entradas e saídas do CEIP “Couceiro Freijomil”, entre buses, coches, familias e á beira do mar, solicitada o seu control pola policía local e a mellora da sinalización tamén se evade, porque están en obras e é costa. Pois por iso precisamente é máis perigoso e haberá que dotalo de vixilancia!. Mais o desprezo á Comunidade Educativa e tal que aínda non se fixo o Consello Escolar perceptivo de fin de curso, nin o de principio de curso, e non se sabe se haberá un a comezos de ano.

Planificación da súa nova Concellería, “non ten aínda é será continuista coa anterior”, é en principio foi posto polo Sr. Torrente para conseguir maior axilidade e eficacia . Para nos de momento, e sen trazas de moito mellorar, o Sr Crespo está en Educación como un tenedor no país da sopa.

En Servicios Sociais non se fai nada para emendar o déficit de prazas para os máis pequenos, non teñen solucións dende o Concello nin poden aportar terreos para que a Xunta faga unha nova Escola Infantil, nin para o Centro de Día, e seguemos esperando pola “Comida sobre Rodas”, e aínda hoxe demos aprobado a Ordenanza Reguladora do precio público para a prestación a persoas dependentes, ao que teñen dereito desde Xaneiro e está xa o diñeiro aportado pola Xunta desde o verán nas arcas municipais, Canta axilidade, canta eficacia, canta...!

E isto é solo unha mostra, un Pleno, e só das Areas do goberno que eu teño adscritas como Concelleira na oposición.